

Caracas 6 de outubro de 1970

Estimado amigo:

Aproveitando un oco na miña tarefa destes días, púxen-me a contestar -sin agardar a súa resposta- ao inquérito que tivo a ben mandarme fai unhas ~~semanas~~ *datas*.

Ehí llo mando nunha extensión de tipo medio, acompañando da fotografía que me pide. As opinións que no texto resumo poderían alongarse moito mais, desenrolando os conceptos que no mesmo plantexo, ou, mellor dito, insinúo: que a canción galega non será nada ou casi nada, sinón intenta substituír na boca do pobo as tradicións antigas folklóricas que o pobo xa non canta.

Cando don Perfecto Feixoo fundou o primeiro coro galego, o pobo comezaba xa a non cantar as súas antigas. Os coros naceron pra evitar ese esquecemento e pra archivar e conservar o noso acervo musical. Na realidade o que fixeron foi converter en espectáculo, algo que o pobo tiña creado e abandonado. O pobo transformouse en espectador. Nada de iso debe pasarlle a NCG, si quere na realidade cumprir unha misión importante. Unha misión que consiste, ao meu entender, en crear un folk pra producir un fenómeno de aculturación. E dicir, que o pobo faga súas esas cancións.

O rapaz galego que canta aquí en Caracas chámase XULIO FORMOSO (fillo) e vive en: Calle Paez, ~~XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX~~ nº 19, Edificio Bonanza, Apartamento 4, Chacao, CARACAS.

E nada mais por hoxe

*Alberto Trullas*